

13/05/2011 – Expedición McKinley



Roberto López e Abel Alonso, personalizan o último fito do montañismo galego: a ascensión ao monte McKinley (6194 m.) en Alaska. Os alpinistas coroaban a montaña máis elevada de Norteamérica o 27 de maio aproveitando unha tregua do tempo, caracterizado por frío moi intenso, fortes nevaradas e rachas de vento de ata 90 quilómetros por hora. Con tan só nove días de aclimatación, Roberto e Abel decidiron aproveitar unha previsión meteorolóxica favorable e foron quen de facer cumio nunha montaña que segundo as súas propias palabras é “impresionante e moi dura, a máis dura que fixemos ata o de agora, pero é fascinante”.

O McKinley forma parte do desafío 7 Summits para ascender os sete cumios máis elevados de todos os continentes, dos que Roberto López xa acadou catro e Abel Alonso un.



Esquema detallado do ascenso ao McKinley



Roberto no teito de Norteamérica



CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 int. (fondo do patio)

36211 - VIGO

Apdo. Correos 5.430 – 36200 VIGO

Telf. 34 886 11 70 11

Clube de Montaña Xistra



